



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na xuntanza do día 17/10/2013

Data	18/04/2013
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:35
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Olga Alonso Suárez • Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Eugenio de la Iglesia Delgado • Anxos Collazo Trigo • Xesús Rodríguez Amil • Rafael Dominguez de la Iglesia • Santiago Rodríguez Sánchez • Tereixa Otero Dacosta • Pedro Nozal Cantarero - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • José F. Rodríguez Pérez • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez • Nuria del Río Campos • María Dolores Iranzo Simo - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Esperanza Dacosta Dapena • Cipriano Luis Jiménez Casas • Xan F. Centrón Montero • Francisco Piñeiro Lorenzo • Manuel Vieites García
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Antonio Madrid Risquez • Sector docente :Adolfo Gálvez Pazos • Sector docente: Isabel López Lorenzo • Sector social: Jaime Estévez Vila • Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez • Sector social: Manuel Alonso Vieytes • Sector social: Iolanda Veloso Ríos • Sector usuarios/as: Vanesa Villa Blázquez
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector social: Aurora Álvarez Castro • Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez • Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado • Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero • Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Cambios de representantes do CEMV
3. Informe da Presidenta do CEMV
4. Informes das comisións de traballo
5. Propostas de mocións:
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares.
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a LOMCE
6. Ratificación do acordo plenario de recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga González e José M^a García Picher
7. Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

A Presidenta pregunta se algún dos presentes quere facer algunha modificación na acta da sesión anterior.

Xesús Rodríguez solicita que se fagan correccións nas páxinas 6, 9, 19 e 20 no texto referente á memoria Anual de Actividades.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior coas modificacións indicadas

2.- Cambios de representantes do CEMV

A Presidenta comunica os tres cambios que se producen no seo do CEMV

- **M^a Olga Alonso Suárez**, Concelleira Delegada de Educación do Concello de Vigo, pasa a ocupar o cargo de Raquel Díaz Vázquez.
- **Esperanza Dacosta Dapena**, Directora do CEIP San Salvador de Teis, pasa a ocupar o cargo de M^a Olga Alonso Suárez.

- **Consuelo Martínez García**, representante da central sindical CIG (alternancia trimestral UXT - CIG- CCOO) pasa a ocupar o cargo de Aurora Álvarez Castro-UXT

3.- Informe da Presidenta do CEMV

A presidenta informa dos seguintes temas referentes á Concellería de Educación:

1. 15 de abril ten pechado o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria para a adxudicación de prazas e matrícula das **Escolas Infantís Municipais** para o curso 2013-2014. PRESENTADAS 758 SOLICITUDES DE NOVO INGRESO PARA 268 VACANTES OFERTADAS.

CUSTE DE 1.328.982,12.-€ NO ANO 2013 NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 1ª ETAPA (0-3 ANOS) NOS CONCEPTOS DE CONTRATOS DE XESTIÓN, CONSUMOS ELECTRICIDADE, SUBMINISTROS GASÓLEO + CONVENIO GALESCOLA PALENCIA

Situación REIM	Equipamentos Infantís 0-3 anos	Prazas
En funcionamento 6 escolas ano 2013	EIM Santa Cristina Lavadores / EIM Atalaia Teis / EIM Santa Marta Casco Vello / EIM Costeira Saiáns /EIM Tomás Alonso / EIM Bouzas	460
Previsión futura 3 novas escolas	EIM Mestres Goldar / EIM Navia / EIM Lavadores	246

CONCEPTO	IMPORTE
*Convenio ano 2013 entre Concello e Consorcio Galego para a xestión da Galescola da Rúa Palencia, integrada na Rede Galega de Escolas Infantís	66.420.-€

2. A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 22 de marzo de 2013, adoptou o acordo de **aprobar o procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do orzamento municipal** para o mantemento ordinario e preventivo dos centros públicos de educación infantil e primaria (PROGRAMA DE AUTOXESTIÓN por un importe de 285.304,72.-€): Afecta a 51 centros públicos, 11.000 alumnos/as, 175.000 m2 de superficie edificada e máis de 300.000 m2 de superficie de terreos.

CUSTE DE 5.001.186,74.-€ (ano 2013) EN CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.-: Subministro eléctrico (652.167.-€) / Combustibles-carburantes para calefaccións de gas e gasoil (80.000.-€) / Servizo de limpeza dos centros públicos de infantil e primaria (2.728.231,6.-€) / Distintas actuacións e obras relevantes de mantemento (428.072,33.-€) derivadas das ITES / Investimentos para o ano 2013 nos edificios escolares (505.000.-)

3. Inminente aprobación pola Xunta de Goberno Local e sinatura do **Convenio 2013 coa Foanpa por importe de 656.039,31.-€** para xestión comedores escolares, desenvolvemento de actividades extraescolares, formación das Anpas e xestión da Foanpa.

Financiación municipal 52 Anpas para a prestación do servizo en 30 comedores para preto de 2.320 comensais diarios e 700 escolares de aulas

matinais, e a realización das actividades extraescolares de preto de 9.000 alumnos/as.

CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONADOS NESTE CONVENIO	IMPORTE
Gastos anuais por Xestión da Foanpa	72.500,00.-€
Desenvolvemento de Actividades Extraescolares	66.098,51.-€
Xestión de Comedores Escolares (* <u>no ano 2013 se aumentan 177.135,8.-€ para paliar os recortes do goberno autonómico</u>) O 25/04/13 no comedor do CEIP Balaídos, programa de radio “El Estirón” de Onda Cero fomento saudable de hábitos nutricionais	517.440,80.-€
TOTAIS	656.039,31.-€

4. **PROGRAMAS EDUCATIVOS:** Voltaron de xeito satisfactorio os 47 alumnos/as da Escola Oficial de Idiomas que disfrutaron en Semana Santa dunha beca municipal para a estadia lingüística de 15 días en distintas capitais europeas cun investimento de 80.000.-€. Nota media dos expedientes académicos seleccionados de 9,05 e investimento municipal previsto para a vindeira edición de 80.000.-€

Exposición “VigoHistoria: A Reconquista” no Verbum para 1400 escolares 6º
“Vigo Crea” coa IV Mostra de Arte Infantil para alumnado de EI, EP e ESO.
Programa de Xadrez na Escola como recurso didáctico-pedagóxico.

5. Alto índice de consultas da **aplicación informática municipal** “www.escolasvigo.org”, que proporciona toda a información sobre o proceso de admisión de alumnado, método sinxelo e rápido de consulta das zonas de influencia escolar, distintas características dos centros educativos, e onde éstos últimos poden modificar os seus contidos mediante unha clave de acceso específica. No mes de abril e ate o día 16 calcúlase unha media diaria de 308 visitas 3.572 páxinas vistas.

6. CUSTE DE 858.940,4.-€. (ANO 2013) PARA 1406 ALUMNOS/AS DAS DISTINTAS **ESCOLAS MUNICIPAIS DE ENSINO NON REGRADO.-**

EQUIPAMENTO	CUSTE	ALUM	ACTIVIDADES
Escola Municipal de Música	405.351,00.-	531	Concertos, contos musicais, audicións primavera, fin de curso
E.M. Música Folk e Tradicional	223.558,72.-	431	Concertos, audicións primavera, festival fin de curso.
E.M. Teatro	89.101,61.-	150	IV Xornadas de Teatro Escolar, “Telón quitao”, festival fin de curso
E.M. Danza	140.929,07.-	294	Festivais na punta do pé, reencontros, festival fin de curso
TOTAIS	858.940,4.-	1406	

7. **1.309.249,20.-€** NO ANO 2013 PARA A XESTIÓN MEDIANTE ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL DA **ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (EMAO)**

8. **232.802,41.-€ NO ANO 2013 PARA AULA UNED-VIGO**, que comezou o seu funcionamento o pasado 20/02/2013 coa titorización das ensinanzas para o curso de acceso directo para maiores de 25 anos
9. Aprobación inminente por parte da Xunta de Goberno Local o acordo de **nomeamento interino por acumulación de tarefas de 12 axudantes de oficios por 6 meses**, para **substituír** aos 10 **porteiros-vixilantes** que rematan o vínculo contractual co Concello o 17 de abril, e 2 máis para cubrir dúas xubilacións previstas en 2013 en centros públicos de infantil e primaria, coa finalidade de garantir un óptimo funcionamento en canto á apertura e peche das instalacións escolares e os traballos de mantemento preventivo e ordinario.
10. **CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS**: Adquisición de 300 exemplares da biografía e traxectoria do polifacético homenaxeado (dramaturgo, guionista, actor ...) **Roberto Vidal Bolaño**, ademais de promover conferencias de autor nos centros de ensino.

Terminado o resumo, Xan Centrón pregunta a canto ascende o orzamento da Consellería de Educación. Pedro M^a Vázquez informa que o orzamento total é duns nove millóns e medio de euros. Xan comenta ademais que sería interesante que no listado de escolas infantís aparecera tamén a de Bembrive, que aínda que non dependerá da Concellería de Educación, si vai ser creada e mantida por unha entidade de carácter local, a Entidade Local Menor de Bembrive, e vai ter 60 prazas.

4.- Informes e plans de traballo das comisións do CEMV

Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Tereixa Otero, Presidenta da comisión, presenta o seguinte informe no que se detalla cal foi o xeito de proceder desta comisión desde o último Pleno:

Desde o último pleno celebrado o 28 de novembro a Comisión de equipamentos e de planificación educativa só se reuniu nunha xuntanza celebrada o pasado día 14 de marzo na que se trataron os seguintes temas dos que se procede á informar:

Ante a falta de información sobre os apartados precisos para levar a cabo unha análise profunda da ordenación escolar da cidade, co obxectivo de retomar o tema da zonificación na liña de optimizar recursos e resolver as deficiencias da escola pública, procedemos a facer as seguintes solicitudes:

- Pedir por rexistro ao Xefe de Servizo de Transporte da Xefatura Provincial de Pontevedra da Consellaría de Educación e OU, as liñas de transporte escolar, as paradas e número de usuarias e usuarios de cada unha, dos colexios públicos da cidade de Vigo, para

coñecer o funcionamento e xeito de organización, nunha posible nova zonificación escolar.

- Pedir por rexistro na Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a información de espazos reservados no PXOUM para uso educativo, así como os valores demográficos tidos en conta.
- Pedir por rexistro na Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo información sobre as actuacións previstas no PXOUM que poidan afectar aos centros educativos públicos actuais.
- Pedir información pormenorizada á Consellaría de Educación e OU sobre as noticias aparecidas na prensa a semana pasada en torno aos Comedores Escolares. Faremos tamén unha moción para levar ao próximo Pleno, dirixida aos grupos políticos municipais sobre esta tema, reiterando o valor de Servizo Público dos comedores escolares, dentro dunha escola pública, gratuíta e integradora, onde o papel organizativo das Anpas debe ser valorado.

Procedementos de traballo da Comisión:

- * Destacamos a nosa nova situación, ao ser nomeada Conselleira de Educación a secretaria desta Comisión, Olga Alonso Suárez, contamos coa nova incorporación como representante da Asemblea de Directoras e Directores de Colexios de Pontevedra, e exercendo como Secretaria, con Esperanza Dacosta Dapena.
- * Destacamos tamén o retraso con que se fan as convocatorias, a elaboración dos textos acordados e a obtención de información demandada, por non contar co apoio técnico preciso, que no curso anterior xestionaba Ana Isabel Castro Davila, impedíndonos facer da Comisión de Equipamentos unha Comisión máis operativa.

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Eugenio de Iglesia presenta o informe da comisión que preside, e explica que esta comisión estivo traballando durante este trimestre nun plano máis teórico e que a partir de agora esperan traballar de xeito máis concreto:

O pasado 14 de febreiro tivo lugar a reunión da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV. Seguindo a orde do día, que era a definición e deseño do Seminario Permanente Suso Jares, comezamos a esbozar as liñas do que debería ser devandito organismo.

Despois dun animado intercambio de ideas un tanto caótico pero rico en variedade e aspectos do seminario, chegamos a unha serie de cuestións que expomos a continuación, a fin de acoutar con máis precisión o traballo a desenvolver.

Podemos resumilo nas seguintes conclusións:

1. Unha cuestión xeral en canto á supervivencia e desenvolvemento do Seminario en particular e do propio CEMV: O lograr o compromiso de todas as forzas políticas por facer da educación unha cuestión de prioridade política, facendo un esforzo de respecto e neutralidade, de tal maneira que os esforzos das instancias educativas non estean mediatizadas pola cor política. Deberíase sustanciar nalgún tipo de declaración institucional, ou de compromiso de forzas educativas: un pacto local pola educación.
2. Algo relacionado co anterior, e consecuencia do devandito compromiso e pacto político, é o dedicar recursos persoais e materiais para a consecución do devandito obxectivo. En concreto: queríamos conseguir que o técnico municipal tivese unha maior dedicación froito do esforzo do concello por darlle máis horas. Sería fundamental que o Concello fixese unha aposta real polo tema educativo, concretada na suficiente dotación persoal e orzamentaria.
3. Outra cuestión tamén dependente da administración é a dotación dun espazo permanente de referencia, en canto ás actividades educativas municipais. Pensamos que a Casa das Palabras podería ser devandito referente, xa que se trata dun contenedor cultural infrautilizado, pero que goza de grandes posibilidades. Sería a forma de reactivar un espazo, e aproveitar un investimento público en beneficio da oferta educativa do Concello.
4. O traballo do seminario imos estruturalo en áreas temáticas que permitan un acotamento dos obxectivos e actividades do Seminario. Convivencia en xeral pode resultar algo excesivamente difuso e que pola súa falta de concreción leve a un traballo errático, que deixe unha sensación de pouca efectividade práctica.
5. Concluimos que centrariamos o traballo nun primeiro momento ao redor do eixo conceptual Convivencia-Linguaxe.
6. En canto á temporalización do traballo da Comisión Pedagóxica con respecto ao Seminario, concluimos que deberíamos establecer unha horquilla setembro-marzo, aproximadamente, para permitir a colaboración e intercambio dos centros educativos, sen perturbar a dinámica escolar. Entendemos que o último trimestre debería quedar fóra, xa que pola propia dinámica escolar é un período complicado no que os centros se centran no remate de actividades docentes.

7. En canto ao ámbito de extensión, pensamos que é importante aproveitar outros ámbitos de actuación ademais do ensino regulado: escolas deportivas, asociacións...
8. Quedaron como iniciativas concretas unhas Xornadas Anuais, que servisen de conclusión ao traballo realizado, a elaboración dun material por parte do a Comisión Pedagóxica para concretar a campaña en cuestión, e un blog/páxina web, referente do seminario, que sirva de plataforma de comunicación e intercambio do Seminario.
9. Ademais quedaron perfiladas algunhas cuestións digamos protocolarias e publicitarias, tamén de importancia, unhas testemuñais e outras de alcance social: Hai que falar coa viúva de Jares, a fin de pedir permiso formalmente para o uso do seu nome; temos que deseñar a imaxe corporativa do Seminario; hai que programar a presentación mediática do Seminario e o seu “estrea”

Deixamos para a próxima reunión a concreción das cuestións expresadas, esperando a resposta do Concello, e comezando o traballo de definición do Seminario.

A Presidenta intervéñ para agradecer a labor que desempeñan as Comisións de Traballo. Ela sabe, xa que formou parte da de equipamentos, que se fai unha labor importantísima e que, aínda que ás veces supoña facer un esforzo extra acudir ás xuntanzas, dedicándolle o tempo libre de cada un, a participación é moi importante xa que nelas se tratan temas que afectan a toda a comunidade educativa. E por isto que Olga Alonso aproveita para animar a todas aquelas persoas que o desexen a participar, porque tras a renovación de membros do Pleno do Cemv as comisións quedaron mermadas.

En canto á solicitude de que se volva a dar asistencia técnica presencial ás comisións de traballo, a Presidenta explica que se fará todo o posible para que se restituía esta asistencia presencial. Olga Alonso comunica ademais o seu compromiso de que desde a Concellería se redacten e envíen os escritos que solicita a Comisión de Equipamentos.

Xan Centrón preguntalle á Presidenta da Comisión de Equipamentos se xa solicitaron a información sobre liñas de autobús á que se refiren no informe. Tereixa informa de que aínda non se solicitaron, e que se aceptará o ofrecemento de Olga Alonso e que se requirirán informes sobre as liñas a través da Presidencia do CEMV. Sendo así, Xan Centrón aproveita para pedirlle ao representante da administración educativa que respondan ao que se solicita xa que teñen tendencia a non mandar este tipo de datos.

Gonzalo Fernández, suxire, que no que respecta á petición que se quere facer á Consellería de Educación, que esta non se faga a Xefe de servizo de Transporte, xa que é un funcionario, e que llo pidan ao Xefe Territorial que é responsable político.

Tereixa Otero explica que se pensaron en dirixir o escrito ao Xefe do servizo de transporte é porque en Pontevedra, o mesmo xefe de servizo de transporte da xefatura provincial lle dixo que fixera a petición por escrito dirixida a el mesmo. Tendo isto en conta, Pedro M^a Vázquez informa de que se enviará aos dous sitios.

5.- Propostas de mocións

1. Propostas de mocións da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa

Santiago Rodríguez, membro da comisión de equipamentos presenta a seguinte moción sobre comedores:

Moción comedores escolares

ANTECEDENTES

No Pleno do CEMV, celebrado o día 28 de novembro do 2012, aprobouse por unanimidade unha moción na que se demandaba á Consellaría que redeseñara a puntuación dos baremos á hora de outorgar as subvencións aos comedores escolares, para que estes foran coñecidos en tempo e forma, e coa antelación suficiente para poder ser abarcados polas ANPAS, que se ven desbordadas pola premura na entrega de documentación e na continua remodelación da lexislación referente a comedores escolares de Galiza.

Recentemente comprobamos con estupor como unha vez máis a administración educativa, publicaba en prensa, a comezos do período de admisión de alumnado, diferentes noticias sobre os baremos a usar nos comedores escolares e a asunción por parte da Consellaría dos comedores escolares xestionados polas ANPAS. Estas informacións pouco claras, provocan malestar en toda a comunidade educativa, porque coñecemos o significado dos recortes no Ensino Público nun momento no que se rebaixan e deterioran servizos públicos coa tan recorrida crise económica.

Tamén, o dereito á educación dos menores obrigaba ás familias a escolarizalos e, froito de tal obriga, derivaba a da propia administración educativa a facilitar os servizos

precisos para garantir tal dereito. Como pode unha administración pública garantir un servizo a base de aumentar os custos para as familias, dunha educación pública, gratuíta e integradora? É o dereito á educación o que se pon en xogo, agora. Como se pode devolver un neno/a á súa casa ás 5, 6 ou 7 da tarde sen a seguridade de que fixo polo menos unha comida ben feita ese día?

O comedor escolar é idóneo como lugar de formación en hábitos alimentarios, como garantía dunha alimentación saudable e unha dieta equilibrada. O comedor incide tamén extraordinariamente na conciliación da vida laboral e familiar e garante a igualdade de oportunidades e prestacións entre homes e mulleres.

No actual contexto de recorte de dereitos e privatización de servizos, a Consellaría de Educación difunde o proxecto de Decreto de comedores escolares. E para maior dano, coincidindo co período do proceso de admisión nos centros. Aínda que na súa argumentación recoñece o papel compensador do servizo e as súas virtualidades para a conciliación laboral e familiar, e establece obxectivos de extensión de número de prazas e comedores escolares, o decreto:

- establece a continuidade da xestión directa e a responsabilidade da contratación e xestión integral polas ANPAS, así como a atención e coidado do alumnado por estas coas súas propias e específicas pólizas de seguro, desentendéndose dos comedores xestionados actualmente polas ANPAS;
- pretende implicar na xestión ás propias familias usuarias, colectivos e asociacións afectados;
- limita a gratuidade ao alumnado en exclusión social, vítimas de terrorismo e de violencia de xénero acreditadas, e de rendas netas inferiores aos 7.000€ anuais per cápita;
- establece pagamento por servizo de comedor roldando os 90€ mensuais en, por exemplo, familias monoparentais cun fillo/a e ingresos netos desde 18.000,02€ anuais (9.000,01 per cápita); 180€ por dous fillos, etc.
- limita o servizo á comida do mediodía.

Non entendemos a progresividade como carga impositiva nos custes dos servizos, para as mesmas persoas, ás traballadoras, ás que vivimos no rural... Mentres as grandes fortunas (non importa se fraudulentas) gozan de amnistías fiscais e de impostos lineais, precarízase e empobrécese ao groso da sociedade galega. Resulta insultante que dedique 27

millóns a comedores e 29 a manter a relixión católica como materia académica no ensino obrigatorio.

TEXTO

O pleno do CEMV de Vigo rexeita o proxecto de novo Decreto de comedores escolares polas razóns referidas, e insta á Consellaría e á Xunta a conseguir o máximo consenso parlamentario posible en materia educativa, establecendo as condicións e o marco normativo que aseguren, por parte da Administración educativa, un servizo de comedor escolar realmente favorecedor da igualdade educativa, social, de xénero e de oportunidades nos centros públicos, asumindo polo tanto os comedores escolares de todos os centros públicos.

Asemade, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa propón á Presidenta do CEMV, a posibilidade de achegar esta resolución ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria así coma aos Partidos Políticos do Concello coa finalidade de que esta demanda sexa coñecida por toda a cidadanía de Vigo.

Manuel Vieites, representante dos Centros de Ensinanzas Artísticas, comenta que está de acordo coa moción, pero que el faría máis fincapé no abandono de responsabilidades que está a facer a Xunta, cousa que hai que denunciar especialmente. O que acontece nun centro non é responsabilidade do pai ou da nai, e o que non pode ser e que eles teñan que asumir esta xestión. Desde que un neno entra na escola ata que sae, a responsable deles é a Consellería de Educación, e hai determinadas liñas que esta nunca debe pasar. Se se traslada o mesmo caso á sanidade, e como se unha persoa está ingresada nun hospital e o responsable de que estea ben atendido é o familiar que o vai visitar.

Santiago Rodríguez comenta que iso é o que queren dicir xustamente cando nos antecedentes da moción formulan a seguinte pregunta: “Como se pode devolver un neno/a á súa casa ás 5, 6 ou 7 da tarde sen a seguridade de que fixo polo menos unha comida ben feita ese día?”. Así e todo, pensa que ao mellor sería interesante facer unha referencia directa ao que comenta Manuel Vieites, xa que si é un punto importante, e ao mellor non queda suficientemente claro. E recalca que ademais, no referente aos seguros, que a Consellería conta cun seguro que cubre calquera incidencia que suceda durante a xornada escolar, e isto inclúe ás actividades non lectivas. O que se fomenta con esta medida é a duplicidade de seguros, e isto non ten

sentido e pode chegar a ser incluso negativo xa que no caso de haber algún incidente e existir dous seguros para o mesmo fin pode producirse un conflito entre as aseguradoras e complicar os procesos.

Bertila Fernández explica que desde FOANPAS lle enviaron un escrito ao Conselleiro mostrando o total desacordo co anteproxecto e que este lle contestou cunha carta de catro folios na que entre outras cousas lle din: “asumiranse ao redor dunhas 6800 prazas dos comedores actualmente xestionados polas ANPAS mentres que, as outras, case 2400 prazas, quedaranse nos comedores de xestión directa e indirecta da Consellería, de tal forma que se estima que no curso 2016/17 serán máis de 66800 os usuarios que empreguen este servizo complementario baixo a xestión da Consellería, 18.300 máis que no curso 2008/09”. Di tamén “Convén resaltar a importancia que esta modificación dos prezos ten para soste o sistema e para que se poida ampliar o número de usuarios dos comedores públicos, ao tempo que se crea unha situación máis equitativa para o conxunto dos comensais ou unha achega acorde as súas posibilidades económicas. Está claro que a Administración Educativa pode apostar decididamente por mellorar o ensino público abordando iniciativas como a actual, para facelo máis sostible e máis xusto garantindo unha auténtica equidade social, co financiamento deste servizo cun copago para as rendas máis altas e a gratuidade para os máis castigados pola crise. De feito, esta medida implicará que nunha ou dúas lexislaturas teñamos creado unhas 18.000 prazas de comedores das que 11.000 serán gratuítas”.

Bertila comenta que desde FOANPAS non queren, baixo ningún concepto, que a Consellería asuma a xestión dos comedores con este custo. Para beneficiar a unhas familias, vaise castigar a outras. O sistema ten que ser universal coa declaración da Renda xa se pagan os impostos correspondentes e o que non se pode é ter un servizo como o que propoñen, nuns barracóns uns nenos co tupper tomando alimentos fríos e ao lado outros nenos comendo quente. Queren transmitirlle ao Conselleiro, a través do representante da administración no CEMV, que non van permitir que se asuma a xestión desta maneira e que queren que se forme unha Comisión de Traballo especial para os comedores de Vigo. Para Bertila trátase do sacrificio de moitos anos de moitas familias e son uns comedores nos que se atende a tódolos nenos sen excluír a ninguén, dándolle servizo a nenos con necesidades específicas de apoio educativo, facendo un esforzo para que teñan cuidadores, facendo seguimento das dietas a un gran nivel, con asesores xurídicos todo o día ao teléfono, con conflitos sociais

graves,.. e todo isto sós, sen o apoio da Consellería. Bertila di que é un tema demasiado serio como para xogar politicamente con el.

Gonzalo Fernández, representante da administración educativa, comenta que o decreto de comedores novo é precisamente un intento de ampliar o acceso a comedores a moitos máis alumnos dos que se dá servizo actualmente. En canto a que haxa copago, parécelle lóxico, que aquelas familias que teñan máis ingresos, paguen máis que os que teñen as rendas máis baixas, un sistema progresivo. É un xeito de favorecer ás persoas que máis o necesitan. Gonzalo comenta que a intención da Consellería con este decreto é boa, é que están no bo camiño. Que a xente de altos ingresos teña que pagar 4.5€ por comida non lle parece mal. O que lle parece mal é que teñan que pagar as persoas que non teñen ingresos.

Francisco Piñeiro, representante da Federación veciñal de Vigo, comenta que el participou na comisión que puxo en marcha os comedores en Vigo, e explica que aquela iniciativa foi pioneira en Galicia, demostrándolle á Administración que se podía dar este servizo, que non era realmente tan caro como dicían e, sobre todo, que era necesario. Agora, doce anos despois daquilo, lamenta que se estea nunha situación similar ou peor aínda. Xa entón se puxo a andar o servizo e se lle pediu a Consellería que asumira a xestión, ofrecéndolle un sistema que funcionaba. Déuselle todo feito e agora séguese no mesmo punto. Francisco di que escoitando a resposta que lle deron a Bertila un pode pensar que si, que o que propoñen parece un sistema xusto, pero tamén o parecía o das bolsas e logo na realidade non era así. Pola súa parte quere transmitirille á Consellería que se isto é un intento, é mellor que nin o intente, porque non funciona. Que fagan as cousas ben.

Rafael Domínguez, representante de UXT, comenta que para el a insatisfacción se produce na xente para a que se legisla, e non en quen legisla. Polo tanto se os que van recibir os efectos da lexislación amosan o rexeitamento, haberá que telos en conta de partida. Para el o máis perverso do novo decreto está precisamente na xustificación. Di que el está de acordo co que di Gonzalo, que o que máis ten que máis aporte pero, por que ten que ser vía este decreto? Pódese aportar por outros camiños. Pon o exemplo do que ese viu programa que fixo Jordi Évole sobre a educación en Finlandia, onde teñen todo gratuíto. Pero é que antes xa se pasou por caixa, xa se pagou o necesario para manter o sistema, de xeito proporcional. Para rematar a intervención, Rafael fai referencia aos últimos orzamentos da Consellería de Educación. Alí pode verse que do orzamento de Educación sae unha importante aporte de diñeiro para o Gaiás. Non ten o dato exacto pero sería unhas tres veces e

media máis do que custan os comedores escolares de tódolos rapaces de Galicia. É por todo isto que tanto a nivel persoal como desde o sindicato ao que representa, rexeita de plano o decreto, que o único que pode conseguir é que máis dun centro público perda matrícula.

Manuel Vieites comenta que de tódolos xeitos o tema de que os que teñan máis renda paguen máis e absurdo, xa que por norma, os fillos dos que máis teñen non van aos comedores públicos. Expón o seu caso como exemplo sobre a proporcionalidade. Comenta que ao ser el funcionario público, súa filla nunca foi bolseira. Sen embargo, estuda coas fillas de dous coñecidos empresarios vigueses que si perciben bolsa. E isto pasa porque estes “non teñen ingresos”. Nestes momentos estase claramente a intentar destruír o ensino público, e isto é un claro exemplo. Por isto, el solicitaría que o Pleno do CEMV rexeitara de cheo o decreto, porque atenta contra a igualdade de oportunidades que é o que ten que garantir o ensino público.

Pedro Nozal, representante de FEUSO Galicia, solicita que para que o traballo do CEMV sexa máis construtivo, máis que rexeitar o decreto, que non serviría de moito, que se fixeran achegas na moción. Por exemplo pódese solicitar unha modificación nos tramos que establece o decreto, pódense incorporar os datos dos que falaba Rafael sobre o Gaiás,...

Santiago Rodríguez explica que está recollendo algunhas notas do que se fala para facer máis fincapé nalgún aspecto pero, non obstante, a idea da Comisión é que o pleno rexeite de cheo o decreto, e así o contemplan no texto da moción. Non queren que se fagan pequenas modificacións. Asemade comenta, con respecto ao que dixo o representante da administración educativa, que se a filosofía do proxecto fose a que el dicía, os tramos serían diferentes. Pero iso non cambiaría tampouco a filosofía de fondo que é o que se está a rexeitar.

Bertila Fernández, na liña que comentaba Francisco Piñeiro, afirma que os comedores de FOANPAS teñen un prezo único, e as familias que non poden acceder economicamente ao servizo, teñen unhas bolsas, pero o prezo é universal.

Eugenio de la Iglesia, representante de CCOO, comenta que está de acordo con moitas das cousas que se dixeron, pero que para el é preciso matizar. Tanto no tema dos comedores como no da LOMCE que logo se verá, a única postura honesta é á que facía referencia Rafael Domínguez, a de rexeitar algo que non conta cos usuarios e coas súas necesidades. Comenta que lle parece un falso debate o que se xera entre ensino concertado e público. Nos orzamentos vemos que este ano hai 20 millóns de euros menos para o ensino concertado, e que afecta aos traballadores. Cre que neste

momento se está atentando contra todo o que ten que ver co servizo educativo en xeral. Atácase ao profesorado, que ao seu modo de ver ten unha dignidade a proba de bomba. Atácase aos traballadores das garderías, que traballan moitísimas horas, con horarios imposibles, e que ninguén se lembra deles, e a eles tamén lles están afectando os recortes. Aos traballadores que desempeñan actividades de ocio educativo, actividades extraescolares,... que tamén forman parte do entramado educativo dunha sociedade e que tamén están sufrindo. Para Eugenio hai un trasfondo ideolóxico que é que non se cre na educación como un ben social, un ben de todos. Para el isto é o realmente grave. O goberno está intentando facer da educación unha mercancía e iso é o que non se pode permitir nunca. Evidentemente unha medida coma esta, é un paso previo para privatizar e mercantilizar. Que a Xunta non queira asumir comedores directamente parece obedecer a que se pretende que pronto unha gran empresa de catering se faga con todo o servizo. Para rematar, e volvendo ao que xa se dixo, Eugenio comenta que sen lugar a dúbidas se debería rexeitar o decreto por algo tan fundamental como que non ten en conta aos usuarios do servizo nin ás súas necesidades.

A Presidenta, comenta, sobre o exposto polo representante da administración educativa de que as persoas que poden pagar o servizo que paguen, que se iso se aplicara de tódolos xeitos, as persoas que deberían pagar son as que escollen un tipo de educación diferente, por exemplo, quen queira que seu fillo vaia a un centro segregado por sexos, que pague. Pola contra eses centros subvenciónanse. En canto ao que se fai ver de que a pretensión é que se amplíe o número de prazas, isto non é así. O que fala é de ir asumindo as prazas que está asumindo FOANPAS. Manifesta o total acordo co que comentou Bertila, non poden asumir a xestión a calquera prezo. Do mesmo xeito que Eugenio e Rafael, Olga Alonso, di que un decreto que nin conta nin contou nunca coa persoas implicadas, merécese un rexeitamento total. Comenta que por parte da Concellería existe o compromiso firme de trasladar o que aquí se decida aos medios de comunicación, cousa que se lle solicitou na xuntanza da Com. Permanente.

Santiago Rodríguez di que outra cousa que é curiosa é que no decreto non se fai ningunha referencia ao sistema de elección que se adoptará en caso de que haxa máis demanda que oferta. Pode ser porque, simplemente debido aos tramos, se faga que a demanda caia tanto e xa non sexa necesario prever cal sería ese sistema de elección. Propón que se introduzan algunhas modificacións na moción, algúns matices

sobre o dito nesta xuntanza e que se someta a votación xa con estes cambios. Os textos que se introducirán son:

“con este proxecto de decreto, a Consellería esquece a súa propia responsabilidade sobre o alumnado que acolle durante a xornada escolar”

“A concepción do servizo de comedores subxacente e a falaz distribución por tramos de renda das cargas económicas dos comedores é un ataque claro ao ensino público e á clase traballadora. Unha xusta redistribución de custes económicos ten que derivar dun sistema fiscal progresivo previo á prestación de calquera servizo público”

Introducidos os textos, procédese á votación:

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos, coas modificación feitas durante a xuntanza, para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado:
18 votos a favor, 1 en contra, 0 abstención.

Neste punto abandona a xuntanza Manuel Vieites.

Moción LOMCE

A Presidenta da Comisión de Equipamentos presenta a moción na que se mostra o total rexeitamento á LOMCE

ANTECEDENTES

A presentación do anteproxecto de lei educativa, LOMCE, non fai máis que afondar no empeoramento da calidade educativa, nun contexto de recortes no ensino público, levados a cabo pola Consellaría de Cultura, Educación e OU dende cursos pasados.

A EDUCACIÓN é UN DEREITO, un dereito de todas e todos, que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posíbeis. Só a través dun sistema público de ensino se pode garantir o aminoramento das diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades.

Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, a que sufrimos a crise, non nos vexamos privadas-os dos dereitos conseguidos nos últimos anos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu 221 millóns os orzamentos en relación aos do ano 2009, o que provocou a perda de unha gran cantidade de docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns de euros en tirar con libros por estar en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres se manteñen e se incrementan as axudas ás empresas de ensino privado concertado, mesmo cando segregan ao alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, medio onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego e estatal. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se paralice a aprobación dunha lei, LOMCE, que non conta co consenso preciso para que poida ser aceptada nun Estado democrático.

As medidas recollidas no borrador que máis nos preocupan, como órgano representativo da totalidade da comunidade educativa, son as de reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Por todo isto, para este Consello Escolar Municipal de Educación do Concello de Vigo é unha condición básica que se paralice a aprobación da LOMCE, que non se perda ningunha praza máis de ensino público no Concello de Vigo e que se poña en valor o ensino público de calidade, para o cal denunciaremos as continuas situacións de improvisación na ordenación educativa dos diferentes gobernos, que xeran desconfianza das familias cara o sector educativo.

TEXTO

O Consello Escolar Municipal de Vigo non pode deixar de transmitir á Consellaría de Educación e ao Goberno de España a necesidade de redeseñar a política educativa de forma que se aposte claramente por un servizo público de calidade que cubra toda a demanda educativa de Vigo. Rexeitamos o Anteproxecto de Lei, LOMCE, e especialmente en aspectos coma:

- O reforzo das atribucións do goberno central e a redución de competencias das Comunidades Autónomas.
- A perda do carácter representativo e decisorio dos Consellos Escolares, como únicos órganos que poñen en contacto aos diferentes actores sociais da totalidade da Comunidade Educativa dun Concello/Escola/Instituto, etc.
- A volta ao protagonismo educativo das reválidas.
- A consideración da calidade educativa como empregabilidade, non tendo en conta o necesario para chegar á calidade, destacando o aumento de inversión de diñeiro público no ensino privado.
- A valoración da competitividade fronte á solidariedade. Non defende unha educación integral da persoa. Esquece o diagnóstico previo do alumnado e o seu desenvolvemento persoal en destrezas emocionais, sociais, artísticas e en capacidade crítica.
 - É ideoloxizante. Prima as materias do informe Pisa, as instrumentais, sen argumentación pedagóxica contrastada. Aumenta os contidos confesionais en detrimento da educación en valores democráticos.
 - Afonda no aumento da segregación, que ademais de social tamén será escolar (pedagóxica, cultural e lingüística). Carece de medidas que favorezan a continuidade no sistema escolar, fagan efectiva a inclusión da diversidade, combatan o fracaso escolar e aspiren á excelencia.

Por todo isto, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa propón á Presidenta do CEMV, a posibilidade de achegar esta resolución ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria así coma aos Partidos Políticos do Concello coa finalidade de que esta demanda sexa coñecida por toda a cidadanía de Vigo.

Unha vez presentada a moción a Presidenta abre a quenda de intervencións. José Francisco Rodríguez, representante de SURGAPA, que comenta que unha lei non pode aprobarse sen o consenso das persoas as que afecta. O anterior Ministro de educación, Ángel Gabilondo, reuniuse varias veces coas federacións de ANPAS públicas e concertadas, aínda que ás veces o descoñezan os poderes públicos. A pesar de que existen diferenzas entre eles, e incluso entre os centros, chegaron a tomar acordos conxuntos. Pensa que neste caso é imprescindible este consenso. E non se debería permitir que cada catro anos se o goberno cambia, cambien as leis de educación, xa que así é imposible que o sistema funcione. A educación debería estar por enriba da política.

Neste momento abandona a xuntanza Cipriano Luis Jiménez.

Pedro Nozal solicita que se lle permita unha intervención máis longa xa que quere comentar varios dos puntos da moción. Diríxese a Tereixa para dicirlle que está en desacordo coa maioría dos puntos da súa moción.

Neste punto intervén a Presidenta para lembrarlle que aínda que é unha moción traída pola comisión de equipamentos, que dirixe Tereixa, non ten que personificar nela a moción, xa que esta a elaborou a Comisión de Equipamentos e logo pasou pola Comisión Permanente do CEMV, que fixo contribucións ao texto e traballouna antes de traela ao pleno.

Pedro continúa falando sobre as leis educativas LOGSE, LOE, LOMCE. A el a impresión que lle dá, e que tamén recolle no seu entorno educativo, é que está instalada a mediocridade. Na moción fálase do informe PISA, pero tanto este coma o TIMSS ou o PIRLS manifestan que España está no posto 33 de 65 países, que repite resultados do anterior informe PISA, que temos un abandono escolar do 31% fronte ao 14% europeo, que se gradúan en formación profesional en España o 38% dos alumnos, cando a media europea e do 52%,... Todas estas circunstancias mostran unha mediocridade que para Pedro Nozal fan pensar que algo hai que cambiar. Para el tanto a LOGSE coma a LOE non funcionaron, e iso está claro. Por iso é en primeiro lugar necesaria unha maior inversión en educación. Que a solución sexa a LOMCE non o sabe, pero cre que algo hai que facer. Para Pedro, na LOMCE hai cousas que USO pode rexeitar, pero tamén hai cousas interesantes: que se lle dea autonomía aos centros, que se promova a FP,... O certo é que como se está non se pode quedar.

Por outra banda e xa centrándose no contido da moción da Com. de Equipamentos, para Pedro hai cousas que o deixaron asombrado. A parte do texto coa que non está

de acordo é aquela que di: “Só a través dun sistema público de ensino se pode garantir o aminoramento das diferenzas sociais e se poden formar ás xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia”. Lendo estas frases da moción, ao representante de USO dálle a sensación de que algunhas persoas seguen querendo quitar a liberdade, pretendendo que exista un modelo de ensino único e público. Pedro di que non pode apoiar a moción porque primeiro parece afogar a liberdade na sociedade, e segundo porque vai contra as leis. E aínda máis, vai contra a Constitución que é a lei que fundamenta a democracia. Para el vai en contra do artigo 27, é máis en concreto contra os puntos que seguen:

27.1. Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino

27.5. Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de todos os sectores afectados e a creación de centros docentes

Para Pedro estase a referir á educación, do tipo que sexa, concertada ou non, cristiá, hebrea, musulmá,... iso é o de menos. Todos teñen dereitos a crear centros docentes.

27.3. Os poderes públicos garanten o dereito que asiste ós pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

Para el unha convicción tamén é a de ter educación diferenciada por sexos para os seus fillos. E sen meterse en se é boa ou mala, a Constitución tamén avala este tipo de ensino. Que ademais, parece que ese tipo de centros non teñen malos resultados e hai unha importante demanda social deles.

27.4. O ensino básico é obrigatorio e gratuíto.

27.6. Recoñéceselles ás persoas físicas e xurídicas a liberdade de creación de centros docentes, dentro do respecto ós principios constitucionais.

27.9. Os poderes públicos axudarán os centros docentes que reúnan os requisitos que a lei estableza.

Se se quita o concerto, só os ricos poderán acceder a un ensino segundo as súas conviccións. O concerto é o que permite ás persoas sen recursos escoller para os seus fillos un tipo de ensino que a Constitución reconece.

Pedro comenta que tampouco está de acordo co que se di na moción: "...se manteñen e se incrementan as axudas ás empresas de ensino privado concertado, mesmo cando segregan ao alumnado por sexo". Isto non é certo porque non se manteñen nin se incrementan, senón que se reducen. Di que el mesmo nos últimos dous anos, como docente do ensino concertado sufriu unha baixada do 12% do seu salario.

Por todas estas cuestións, Pedro dille a Tereixa e aos presentes que, a moción parécelle primeiro antidemocrática, porque a primeira democracia está na Constitución, segundo anticonstitucional e terceiro represiva, porque quere eliminar a liberdade fomentando un modelo de ensino único e público. Dito isto, remata a súa participación expresando a súa firme intención de non apoiar a moción.

Neste punto abandonan a xuntanza M^a Dolores Iranzo e José F. Rodríguez.

Eugenio de la Iglesia, comeza a súa intervención dicindo que el tamén é profesor do ensino concertado. Pensa que hai algunhas cousas das que se acaban de dicir que son moi matizables. A primeira é que a Constitución si é a primeira lei, pero por enriba dela hai leis que son incluso máis importantes. A Constitución ten un deseño que vai claramente en función de cando se redactou, por iso é que ten unha serie de artigos nos que fan referencia a cuestións que serían necesarias naquel momento, pero agora non teñen sentido. Garantiuse a liberdade de creación de centros porque no momento no que foi redactada, o ensino público non podía asumir só toda a demanda. Este tipo de concesións que se fixeron poden ser temporais, coma por exemplo o dereito de acceso á vivenda.

Eugenio continúa a súa intervención facendo referencia ao dito por Pedro Nozal sobre a mediocridade no ensino, que ao seu xeito de ver, pensar que o ensino en España é mediocre é vergonzoso. Primeiro porque España é un país que leva desde o ano 75 tendo unha educación democrática, nun país no que había antes un analfabetismo brutal. Un país no que se se quería acceder á educación había que ir a seminarios,... e non todo o mundo podía acceder á educación. Eugenio pensa que cando se fala das probas PISA e de tódolos indicadores que existen, se nos fixamos no noso nivel por exemplo en matemáticas podemos pensar que imos mal, pero ninguén comenta que somos un dos primeiros países a nivel mundial en cohesión social. Isto, que é

importantísimo, é o que fai que este sexa un dos países mais tranquilos e seguros, e que cando saímos á rúa non nos rouben nin nos peguen un tiro na cabeza. E xustamente esta cohesión social corre o risco de perderse por culpa desta lei. Ser moi bo en matemáticas e tan importante como saber e entender que o que un fai ou ten, afecta aos demais. Cando se fala dos nosos licenciados, titulados, investigadores e da fuga de cerebros, e porque non son tan malos. Creamos titulados e traballadores coa mesma categoría que no estranxeiro. Ademais, sábese que moitas destas probas son probas tramposas. As veces nin se utiliza os mesmos grupos de idade nos diferentes países para facer as mesmas probas, co que os resultados son obviamente diferentes. O que non se pode, para xustificar unha lei coma esta dicindo que é necesaria porque temos moi malos resultados. O que ten que dicir o goberno é que se precisa outro tipo de ensino pero non xustificalo con resultados que non son comparables entre países que para nada teñen a mesma historia nin o mesmo desenvolvemento.

En canto ao que se di na moción de que o ensino concertado recibe máis diñeiro, Eugenio comenta que si é certo. A moción di exactamente: “se incrementan as axudas ás empresas de ensino privado concertado”. Fala das empresas, que si reciben máis cartos, aínda que estes non cheguen aos traballadores. Está claro que os traballadores da concertada están a sufrir recortes, pero igual que os compañeiros da pública. A única diferenza é que aos da concertada lles dan palmadiñas nas costas e lles din que son moi bos porque non se queixan, e ademais utilízanos de espello, para que se vexan neles os profesores da pública e se vexa o malos que son eles. E segundo Eugenio, iso non é así, porque “nós, na concertada, tamén nos queixamos, e eu non quero me usen de espello de ninguén”.

O representante de CCOO continúa a súa intervención dicindo que o Goberno ten que garantir que todos os cidadáns obteñan uns niveis de educación e cultura cuns valores similares. Os pais que non queiran eses valores teranos que pagar aparte. Porque probablemente os mesmos que queren que se dea diñeiro para un centro segregado, non pelexarían porque se lle dera a un centro musulmán. Esa dobre vara de medir non é correcta. O argumento da liberdade ten que ser que calquera poida acceder á educación e que esta lle permita medrar. E socialmente, sábese que hai cousas que fan medrar, e por enriba da Constitución, entendese que a coeducación é un valor que fai medrar. E pode haber outras persoas que non o crean así, pero que o paguen. Si pode haber bos resultados nos centros segregados, pero tamén os hai nos centros que non o son. Xustamente o país que sempre se pon de exemplo, Finlandia, ten educación pública e coeducación. Eugenio di que el entende que un traballador ten

que defender o sitio no que traballa, e que niso apoia a Pedro, pero tamén entende que cando os profesores da pública atacan á concertada, non están atacando aos profesores senón ao sistema. Eles o que defenden un sistema que garanta a educación en igualdade, e iso só o pode garantir o ensino.

Rafael Domínguez intervén para engadir algo máis ao que dixo Eugenio, co que está completamente de acordo. Primeiro de todo, a Constitución é lei de leis, pero só se necesitan catro horas para modificala. A LODE, que aínda ten parte en vigor, contempla que a rede pública está formada por aqueles centros que son estritamente públicos e aqueles todos que teñen concertos. Di que un goberno de esquerdas multiplicou por dez os concertos pero que tamén o espírito do concerto era o que era. Rafael comenta que el non vai a misa os domingos pero se calquera que vaia á misa ten un problema por iso, el defendería sempre a esa persoa e ao seu dereito. Porque ese é o seu dereito, e ninguén pode ser discriminado por razóns ideolóxicas. Iso si, ese debate hai que apartalo da escola, como o fai por exemplo Francia, país católico. O goberno actual ten unha dobre teima cando se fala de educación, unha coa relixión, cousa que non debería afectarlle á educación nunca e outra coa materia de educación para a cidadanía. En canto a esta última, Rafael convida a quen queira a que lle bote unha visual a un libro desta materia para que atope onde está o perigo. Comenta que entende e comparte a educación como dereito, como ferramenta que vai igualar, que vai dar posibilidades a todo o mundo. Todo o demais, cada familia, cada persoa terá que dar resposta ás súas necesidades propias, á súas crenzas. Da escola hai que apartar este tipo de debates que o único que fan é enturbar e que non se fixen no realmente importante.

Rafael remata xa analizando polo miúdo aspectos da LOMCE. Comenta que cando estudaba, el pasou pola reválida e que considera que non aporta nada. Ademais salienta que é curioso que na lei non se especifique como e quen vai realizar estas probas. En canto ao sistema de FP, pensa que España non ten o tecido industrial suficiente como para soportar a FP Dual. Fíxose un experimento en Santiago cun aporte de 600.000€ pero non se está a conseguir case que nada.

Santiago Rodríguez comeza a súa intervención dicindo que dá a sensación de que Pedro Nozal leu unha moción diferente á que eles presentaron. En primeiro lugar non se fala en ningún sitio do tema dos salarios dos profesores, nin das cantidades actuais dos concertos. Cre que se está a confundir o concepto sistema escolar co que son os centros escolares. Na moción non se está a criticar o actual marco legislativo do sistema educativo, fálase do que se propón nesta nova lei, dos cambios que se

queren operar con esta nova lei. Comenta que en ningún dos puntos da moción se fai distinción entre centros concertados e públicos, porque os principios educativos da LOMCE afectarían a todo o alumnado.

En canto á frase que se citou da moción “Só a través dun sistema público de ensino se pode garantir o aminoramento das diferenzas sociais”, Santiago di que esta é a única verdade. Un sistema que se pretenda xeral é o único que pode conseguir eliminar diferenzas. Santiago comenta que se se fai paralelismo coa sanidade ou coas pensións que se entende claramente. Só un sistema de sanidade ou de pensións públicos aseguran a igualdade social. Todo o demais estará moi ben para aqueles que poidan optar por esa vía. Pero ademais, argumenta, que cando se fala do sistema público de ensino no marco lexislativo actual, se está a falar dos centros sostidos con fondos públicos, e nesa definición os centros concertados tamén se inclúen.

Santiago Rodríguez explica que o que se pretende coa moción é criticar as modificacións que se introducen con este proxecto de lei no actual marco, e está clarísimo que abre a porta aos concertos educativos, aínda que agora mesmo poidan estar mermados. Esta lei automatiza os concertos a tódolos centros que poñan a andar programas de FP básico, di que no ensino post-obrigatorio haberá concertos con carácter singular, e iso non existe na normativa actual. Non se pode estar dicindo que están criticando á concertada na moción cando nin sequera se meten neses aspectos. E pensa que probablemente se deberían meter, e que a moción tería que ser máis radical, e é bastante suave. Faise ao principio unha declaración de principios que vai por aí pero nin sequera se paran a argumentala desa maneira.

En canto á FP, Santiago explica que esta nova lei non aporta nada bo. O único que se mellora sobre o primeiro borrador deste proxecto é que abre un pouco o acceso ao FP de grao medio para o alumnado da FP básica, cousa que é boa para o alumnado aínda que non tanto para o sistema. A única etapa que mellora sustancialmente na última década é a FP e isto vai facer que a FP volva a empeorar. En canto ao da FP Dual non se explica case nada dela, e nin se dan as condicións para que haxa unha FP Dual conveniente.

Gonzalo Fernández comenta que esta é outra nova norma que se fai como intento de diminuír o elevado fracaso escolar, situado en torno ao 30%. As sucesivas leis que houbo ata agora non conseguen mellorar este resultado. O lamentable é que non se acadase dunha vez o pacto escolar entre todos os partidos para que a educación deixe de ser un elemento de loita. Manifesta o seu desexo de que algunha vez isto cambie e

se faga un pacto escolar estable e definitivo, que acabe cos cambios de plan de estudos cada catro anos.

Analizando o que se dixo ata agora, Gonzalo comenta que as reválidas serían unhas avaliacións ao final das etapas con vista a que melloren os resultados, e apunta que a competitividade en si, non é mala. En canto ao dito sobre o informe PISA, Gonzalo di que este revela onde está o fracaso escolar. Se non se dominan as materias instrumentais, a lectura, a escritura e o cálculo, que son a base, dificilmente mellorará o alumnado e se diminuírá o fracaso escolar.

Xan Centrón comenta que non se vai parar en argumentacións xa que, compañeiros como Santiago, xa argumentaron perfectamente o tema. Só quere comentar dúas impresións que tivo. A primeira, cando Pedro Nozal comezou a falar, púxoselle a pel de galiña, e a segunda é que sentiu medo. Despois do medo viu a reflexión e di que lembrou como se redactou ese artigo 27 da Constitución, e lembrouse tamén de Romanones e da súa famosa frase. Non está de acordo con que Pedro responsabilice a Tereixa da moción, en contra dun órgano como a Comisión Permanente que lle dedicou moito tempo ao texto. Por último invita a Pedro a que colla a moción e que punto por punto vaia lendo e diga si, non e abstéñome sobre cada cuestión, porque está a falar de cousas que non di a moción.

Francisco Piñeiro comenta que a federación veciñal está en contra da lei non porque sexa boa, mala ou regular, senón porque se fai sen consenso, unha vez máis. E con respecto ao que di Gonzalo sobre o de facer un pacto educativo, Francisco cre que esa sería a base de todo, pero que o fagan xa.

Santiago Rodríguez di que escoitou durante esta xuntanza moitas veces iso de que algo hai que cambiar, e isto dise como se eles non foran conscientes diso. Claro que saben que hai que cambiar algo, por iso loitan sempre, por iso están aquí, por iso están nos sindicatos, nos movementos de renovación pedagóxica, nos centros, nas aulas,... pero cambiar para mellor, para chegar a ter a sociedade que se quere desde a que se ten. A liña de cambio que ofrece esta lei é unha regresión.

Pedro Nozal aclara que nin milita no Partido Popular nin ten nada que ver coa Conferencia Episcopal. Simplemente é que na moción viu unhas argumentacións tan falaces e tan burdas como esa de que a educación ten que ser única e pública, e que só iso garante a igualdade.

Santiago Rodríguez explica novamente que do que se fala non é de “centros públicos” senón de “sistema público”. E se se compara coa sanidade ou as pensións vese claramente.

Tereixa Otero, argumenta que cando din “Só a través dun sistema público” é porque “só” un sistema público de ensino fai que os nenos do Caurel teñan un instituto e un colexio. Cantas empresas privadas sitúan as súas escolas na zona rural galega? Non teño dereito as familias de Lugo a que seus fillos teñan educación diferenciada? Pois non a teñen, porque non existe. Porque os beneficios danse en Coruña e Vigo. A cuestión sería que o que puidese escoller, porque non ten problemas económicos, fose o que aportase.

Ademais, continúa Tereixa, “só a través dun sistema público”, porque seus avós non puideron ir á escola xa que non existía a escola pública. E seus pais tampouco. Curiosamente ela cun sistema público puido incluso chegar á universidade e foi a primeira xeración na familia que puideron ter libros na casa. Con respecto ao informe PISA, Tereixa di que hai estudos e informes de sociólogos e pedagogos alemáns que din, asombrándose, como España pode saír do analfabetismo máis brutal dos anos 70 a ter unha taxa de universitarios inmensa a finais dos 80. Sobre a educación diferenciada, como muller e defensora do sistema coeducativo, quere dicir que “só” ese sistema público foi o que permitiu ás mulleres poder estudar, porque senón moitas mulleres do rural, pobres, de familias analfabetas ou familias cunha relixión X que as encorsetan como madres, esposas e fillas exemplares, non saírían da casa nunca.

Pedro Nozal comenta que el estudou nun instituto masculino, co feminino ao lado e non pasaba nada. E di que seguro que haberá moitos dos presentes que o fixeron e non pasou nada.

Tereixa Otero di que si pasa, que pasa algo cando se permite que nun instituto con educación diferenciada se imparten FP de ciclo superior para rapaces, sen que teñan oportunidade de acceder rapazas, e viceversa. E iso está subvencionado polo goberno e baixo unha Constitución que rexeita a discriminación por sexos. Porque se están recibindo diñeiro público, tería que ofertar os ciclos superiores de FP tanto para mulleres como para homes.

Olga Alonso comenta que hai algo que lle preocupa e é que sexan eles mesmos, que se dedican ao ensino, os que digan que o sistema non funciona. Que hai que defender é o ensino, e neste momento, é cando se conta coas xeracións de xoves máis preparadas. E esa xente estana pedindo desde fóra, desde eses países que supostamente teñen uns resultados moi bos. O tema do fracaso escolar, coa LOMCE vaise afondar, porque do que se fala é de ir excluindo rapaces, quitándolles oportunidades. Iso non é obter mellores resultados. Cando un goberno saca unha lei que vai facer retroceder, é moi preocupante. Para concluír , e posto que a maioría dos

presentes se dedica á educación, pídelles que non esquezan que “somos os mellores profesionais, temos a mellor educación e imos seguir traballando para que iso sexa así sempre”. Dito isto, procédese a votar o texto da moción tal e como foi presentada.

O secretario comenta que neste momento e tras ausentarse Cipriano Jiménez, Manuel Vieites, M^a Dolores Iranzo e José F. Rodríguez están presentes 15 persoas con dereito a voto.

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado:

13 votos a favor, 2 en contra, 0 abstención.

A Presidenta comenta que no próximo Pleno Municipal vai intentar incluír unha moción sobre a LOMCE.

6.- Ratificación do acordo plenario de recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga González e José M^a García Picher

A Presidenta lembra que nunha sesión do ano 2011 acordouse honrar ás figuras de Constancio Veiga González e José M^a García Picher. Naquel entóns elaboráronse uns escritos coa intención de facerllos chegar ás familias, cousa que nunca se fixo. Olga Alonso comunica que na comisión Permanente se acordou proporlle ao Pleno a ratificación do acordo para que ela poida asinar os textos e enviarllos ás familias.

Acordos adoptados

Acórdase por unanimidade ratificar o acordo plenario de 19 de xaneiro de 2011 de recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga González e José M^a García Picher

Bertila Fernández solicita que, ademais de remitirle os escritos ás familias, desde FOANPAS estarían interesados en que este acto tivese repercusión mediática, xa que é unha forma de recoñecemento a tan importantes figuras.

7.- Rogos e preguntas

Santiago Rodríguez solicita que se explique como vai a cuestión da **representación**

do alumnado.

Pedro M^a Vázquez explica que regulamentariamente, o alumnado ten que renovarse na súa totalidade cada dous anos. Tendo en conta que o CEMV se constituíu en maio de 2010, este proceso tñíase que ter iniciado en maio de 2012, pero retrasouse por coincidir coas eleccións aos Consellos Escolares de centro. Posto que no 2014, ao cumprirse catro anos da constitución do CEMV, este ten que renovarse na totalidade, na xuntanza da Comisión Permanente acordouse non iniciar agora o proceso da renovación de alumnos. Pedro M^a Vázquez explica que este é moi complexo, e que se se inicia agora, remataríase para inicios do próximo curso. Sería facer agora un gran esforzo para que os alumnos elixidos representaran aos seus compañeiros tan solo uns meses. A Presidenta explica que todas as horas que a asistencia técnica tiña dedicar a este proceso as dedicará a asistir ás comisións de traballo.

Remata a sesión ás 20.35 horas, sen máis asuntos que tratar.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga M^a Alonso Suárez